

Á ÚLTIMA

A PREGUNTA: ¿SERÁ QUEN O CALVO XIRIA DE GAÑAR AO CANGAS NA ÚLTIMA XORNADA?

VIVEIRO DE FUTURAS ESTRELAS

As futuras estrelas do balommán carballés seguen a amosar as súas cualidades nas xornadas que se veñen desenvolvendo no Pavillón Municipal da Zona Escolar. Os cativos e cativas de 1º a 6º de primaria gozaron a mediados do mes de marzo de numerosas actividades que, a bo seguro, os farán continuar na práctica deste deporte. Gañas e diversión non faltaron nunhas xornadas que deixaron instantáneas como estas. ¡A gozalas!



Calvo

XIRIA BM



MARZO

ANO 2008

SORTE DISPAR PARA CALVO E IFECGÁS PEREIRA

CARA E CRUZ

Contido

Actualidade 2

O Calvo Xiria está a só un paso de xogar a promoción de ascenso

Actualidade 3

O Ifecgás Pereira Xiria non xogará definitivamente polo ascenso

Reportaxe 4

Analizamos o partido entre Cangas e Calvo Xiria, o máis importante dos carballeses nos últimos dous anos

Xuvenil 6

Meritorio papel do Garaysa Xiria na disputa do Campionato Galego

Infantil 7

O OAR arrebatáalle o título ao Ifecgás Pereira Xiria

Á ÚLTIMA 8



O CALVO XIRIA DEFENDERÁ EN CANGAS A SEGUNDA PRAZA DA CLASIFICACIÓN, QUE DA DEREITO A XOGAR A FASE DE ASCENSO A NACIONAL

O OAR DA CORUÑA ARREBATOU AO IFECGÁS PEREIRA XIRIA A TERCEIRA PRAZA NA DISPUTA DA ÚLTIMA XORNADA DE LIGA EN SEGUNDA

caixanova



A UN SÓ PASO DA PROMOCIÓN

Non fallou o Calvo Xiria fronte ao Seis do Nadal e conseguiu encaramarse á segunda praza da clasificación, un premio ao esforzo, adicación e resultados colleitados na segunda volta do campionato. Reza o dito que o difícil non é chegar, senón manterse, e neso anda o conxunto carballés con moitas dúbidas. Logo da vitoria na difícil cancha do Camariñas e da demostración de poderío ante o Seis do Nadal, poucos pensaban que defender a segunda praza ía ser tan complicado. Visitaban os de Marcos Rodríguez a cancha do At. Novás, o antepenúltimo clasificado, coa necesidade imperiosa de gañar. A presión de poder disputar a fase de ascenso notouse desde o principio do partido e nunca foi quen o Calvo Xiria de distanciarse do



O empate bástalle ao Calvo Xiria

seu rival. De feito, os de O Rosal puxéronse por diante varias veces na segunda metade, ata o punto de ter posibilidades reais de gañar o partido. Ao final, un gol de Roberto decidía para o Xiria no último segundo. A historia repetíase en Carballo unha semana despois. Chegaba o Oleiros sen nada que xogarse e a piques estivo de amargar a tarde aos carballeses. O Calvo Xiria volvía incurrir nos erros de O Rosal e era incapaz de impor o seu estilo ao do Oleiros. A

historia volvía repetirse e, desta volta, era Sebastián quen marcaba o gol da vitoria a falta de medio minuto. O Oleiros tivo ocasión de empatar, pero desaproveitou unha superioridade de dous homes e os puntos quedaron na casa. Agora só queda Cangas. Unha proba de lume para un Calvo Xiria que ten que sacudirse a presión e xogar como o veu facendo en toda a segunda volta. Só así poderá xogar a fase de ascenso a Primeira Nacional a principios de maio. A

O OAR ARREBATOU LLE A LIGA INFANTIL AO O IFEGGÁS PEREIRA XIRIA

¡VAIA MOMENTO PARA PERDER!

Incomprensible, sorprendente, chamativo, increíble... Moitos son os calificativos que se lle poden poñer ao desenlace da liga provincial infantil, na que finalmente o Caixanova OAR se proclamou campión. Quen lle ía dicir ao Ifegás Pereira Xiria (e a calquera de nós) que o desenlace da liga ía ser como foi. Chegaba o conxunto de Juan Manuel Rodríguez á última xornada como primeiro clasificado, con trece vitorias noutros tantos partidos (incluída a do OAR en A Coruña na primeira volta) e coa posibilidade de perder, incluso, de nove goles en Carballo fronte ao OAR para alzarse co título. Pero todo o gran traballo realizado durante a liga foise ao traste en só sesenta minutos. O OAR foi unha apisonadora fronte a un irre-



O Ifegás Pereira Xiria naufragou na última xornada logo dunha espectacular temporada

coñecible Ifegás Pereira Xiria, que pagou con creces o seu exceso de confianza. Os coruñeses conseguían gañar por 28-44, dezaseis goles de diferenza que falan ben ás claras do calvario que sufriron os carballeses no desenlace do campionato. Ninguén podía esperar tal descalabro, e menos os xogadores

dun equipo que fixeran un campionato realmente extraordinario. O Ifegás Pereira Xiria tivo que conformarse coa segunda praza, mentres que o Procasa Xiria (o equipo de primeiro ano) fixo unha gran competición ás ordes de Fernando Vázquez, rematando a liga en cuarta posición.

O GARAYSA XIRIA SORPRENDEU PESE A PERDER OS TRES PARTIDOS

MERITORIO PAPEL DOS XUVENÍS NO GALEGO

Pese a perder os tres partidos da fase final do Campionato Galego, o Garaysa Xiria completou unha destacada actuación no torneo autonómico, tendo en conta as circunstancias que rodeaban á súa participación. O equipo de Marcos Rodríguez viaxaba a Pontevedra en cadro, con só once efectivos e sen porteiros. Así, Néstor ocupaba a improvisada praza na portería dos carballese e podemos dicir que se converteu nus dos máis destacados do seu equipo. Debutaba con moitas dúbidas o Garaysa Xiria fronte ao Lalín pero, ao final e pese á derrota por seis goles, a imaxe distou moito da ofrecida no campionato

de liga. Pese ao 27-33 final, a xogo despregado deu alas aos carballese para o segundo partido, no que se enfrontaban ao campión da zona sur, o Cisne. E incluso mellorou as súas prestacións o Garaysa Xiria. Derrota por catro goles de diferenza (17-21) e a sensación de que, cando quere, este equipo pode dar moito que falar. Na última xornada, sen nada en xogo, o equipo de Marcos Rodríguez prantáballe cara ao Teucro e a piques estivo de lograr un triunfo que se escapou nos minutos finais (27-26). Moitas son as conclusións que se poden extraer da participación do Garaysa Xiria no torneo autonómico. Pese a todo, a



A sudadeira de porteiro non tiña dono. Néstor asumiu o reto e non o fixo nada mal.

principal é que o equipo non deu a medida das súas posibilidades na liga, que terminou gañando o Camariñas. Se as ganas e concentración que amosaron os xuvenís no Campionato Galego tiveran o mesmo grao no campionato ligueiro, a bo seguro que o Garaysa Xiria contaría cun título máis...



O FILIAL QUEDOUSE ÁS PORTAS

O Ifecgás Pereira Xiria quedouse ás portas de xogar a fase de ascenso a Primeira Autonómica, logo de perder co OAR na última xornada de liga. Dependía de si mesmo o conxunto de Juan Manuel Rodríguez, a quen incluso lle valía o empate para defender a terceira praza. Os carballese toparon cun OAR que xa se levara o duelo da primeira volta e que tamén dependía de si mesmo para xogar a fase de ascenso. O Ifecgás Pereira Xiria non puido manter a boa racha de resultados da segunda parte do campionato e naufragou no último suspiro fronte ao conxunto coruñaés, liderado por un ex do Xiria como Mario. E é que as cousas se torceron pron-



Unha baixa importante

A escordadura de nocello que sufría Ángel ao pouco de iniciar o partido restou potencial a un Ifecgás Pereira Xiria que notou a súa ausencia nun choque de tanta transcendencia.

to para os carballese. No ecuador da primeira metade caía lesionado Ángel, peza fundamental no xogo do Ifecgás Pereira Xiria. Unha escordadura de nocello deixábo fora de combate no partido máis importante da temporada. A baixa notouna o equipo de Juan Manuel ao longo de todo o partido, polo que o xogador aporta tanto en ataque como en defensa. O OAR marcou sempre o tempo do partido e xogou con vantaxes

de dous e tres goles durante toda a segunda metade. Ao final, e grazas a algunha acción defensiva e á actuación dos porteiros locais, o Ifecgás Pereira Xiria tivo a opción de empatar. Os colexiados non decretaron un claro penalti na última acción ofensiva dos carballese e aí morreron as opcións de clasificación. Pese a todo, non se pode escudar o Xiria na arbitrase, xa que o OAR foi superior durante o encontro.



A PROMOCIÓN DE ASCENSO A

Chega a cita mais importante para o Calvo Xiria dos últimos dous anos. O equipo de Marcos Rodríguez visita a pista do Cangas na última xornada de liga en Primeira Autonómica. E ante si, a posibilidade de loitar polo ascenso a Primeira Nacional. O Calvo Xiria necesita sumar un punto para asegurarse a súa presenza na fase de promoción de ascenso, ante un conxunto que nada se xoga no envite. Un arma de dobre fío coa que terá que lidiar o equipo de Marcos Rodríguez, que xa demostrou nos últimos partidos que lle está a poder a presión. O Seis do Nadal mantense a un punto dos carballese e non cede



no seu empeño de sobrepasalo na clasificación. A vitoria dos olivicos na última xornada parece probable, polo que ao Xiria non lle queda outra que puntear. Vendo o partido da primeira volta (41-23), todo faría indicar que os de Carballo non deberían pasar apuros para conseguir unha vitoria. Pero os pírricos triunfos acadados nas dúas últimas xornadas

de liga, fronte a At. Novás (33-34) e Oleiros (31-30) veñen de xerar dúbidas en torno ao rendemento dos carballese. O Calvo Xiria necesita sacudirse a presión e volver a despregar o xogo que o levou a recurtar oito puntos co Seis do Nadal na segunda volta do campionato. Só así poderá volver xogar polo ascenso a Primeira Nacional.



NACIONAL PASA POR CANGAS

CALVO XIRIA CANGAS

A FAVOR

DEPENDENCIA O Calvo Xiria depende de si mesmo para xogar polo ascenso.

RACHA As once vitorias consecutivas deben ser un bo reforzo moral para o partido.

PRIMEIRA VOLTA O Calvo Xiria xa derrotou ao Cangas este ano por 18 goles de diferenza.

EN CONTRA

A DOMICILIO Os carballese sufren moito nos partidos que xogan como visitantes.

PRESIÓN O Calvo Xiria non está a saber xogar coa presión desde que ocupa a segunda praza na clasificación.

DÚBIDAS O xogo das dúas últimas xornadas de liga pode xerar dúbidas no rendemento dos xogadores.

A FAVOR

REVANCHA O Cangas tentará vengarse do resultado da primeira volta do campionato.

LOCAL O Cangas tentará despedir a liga cunha vitoria ante o seu público e fronte ao segundo clasificado.

SEN PRESIÓN Os locais non terán ningunha presión, unha vez conseguida a permanencia.

EN CONTRA

NADA EN XOGO O feito de non xogarse nada pode favorecer ao Calvo Xiria.

XUVENTUDE A plantilla é moi nova e a bo seguro que rotarán moitos xogadores durante o partido.

IRREGULAR O Cangas alternou boas e malas actuacións ao longo do campionato.

